



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias setembro 2017

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro deste ano 2017 acadou a cifra de 992.258 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de agosto de 6.633 afiliacións (un -0,66%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.336.161, rexistrando un incremento do 0,14% con respecto a agosto de 2017.

Na comparativa interanual (setembro de 2017 con setembro de 2016) obsérvase un incremento de 19.371 afiliacións no total do sistema en Galicia (un 1,99%), e un incremento do 3,52% (624.140 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto de 2017 hai nove comunidades autónomas con taxas intermensuais positivas: La Rioja, Castilla La Mancha, Canarias, Madrid, Navarra, País Vasco, Cataluña, Comunitat Valenciana e Castilla y León. En senso contrario, as comunidades onde máis diminúen as afiliacións son Illes Balears (-2,66%) e Cantabria (-2,22%).

En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Illes Balears, Canarias, Comunitat Valenciana, Murcia e La Rioja (todas elas con taxas por riba do 4%). As taxas de variación relativas interanuais máis baixas (sen ter en conta Ceuta e Melilla) son as de Extremadura e Castilla y León (1,8%) facendo así que a do conxunto do estado presente un valor positivo do 3,52%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SEPTIEMBRE 2017	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.336.161	26.317	0,14	624.140	3,52
Galicia	992.258	-6.633	-0,66	19.371	1,99
Andalucía	2.922.098	-16.723	-0,57	101.194	3,59
Aragón	553.841	-4.212	-0,75	20.573	3,86
Asturias	360.142	-6.273	-1,71	6.576	1,86
Illes Balears	545.673	-14.904	-2,66	26.659	5,14
Canarias	770.890	11.366	1,50	35.611	4,84
Cantabria	214.140	-4.869	-2,22	4.156	1,98
Castilla La Mancha	690.390	16.414	2,44	19.035	2,84
Castilla y León	906.484	544	0,06	16.154	1,81
Cataluña	3.302.372	7.954	0,24	123.794	3,89
Comunitat Valenciana	1.774.958	4.143	0,23	77.945	4,59
Extremadura	385.280	-5.329	-1,36	6.853	1,81
Madrid	3.004.365	39.576	1,33	109.645	3,79
Murcia	545.415	-6.176	-1,12	22.879	4,38
Navarra	273.544	1.949	0,72	8.292	3,13
País Vasco	925.059	5.986	0,65	20.516	2,27
La Rioja	126.827	3.294	2,67	5.238	4,31
Ceuta e Melilla	42.422	208	0,49	-352	-0,82

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo e Inmigración dende o informe de xullo de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado nas catro provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,64%, o que supón 8.870 afiliacións máis, seguida de A Coruña, cunha taxa interanual do 2,07% e 8.591 afiliacións máis que en setembro de 2016. Lugo rexistrou unha taxa de variación do 0,99%, 1.198 afiliacións máis, e Ourense é a provincia con menor incremento relativo, 0,70%, con 712 afiliacións máis que en setembro de 2016.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do pasado mes de agosto de 2017, rexistrouse un descenso en Galicia do -0,66%. As catro provincias galegas amosan datos negativos sendo Lugo, cunha taxa de -1,12% e 1.376 afiliacións menos a que reflicte un comportamento máis negativo.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2017	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	423.271	-2.734	-0,64	8.591	2,07
LUGO	121.858	-1.376	-1,12	1.198	0,99
OURENSE	102.629	-173	-0,17	712	0,70
PONTEVEDRA	344.500	-2.350	-0,68	8.870	2,64
GALICIA	992.258	-6.633	-0,66	19.371	1,99
ESPAÑA	18.336.161	26.317	0,14	624.140	3,52


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,2% das afiliacións galegas en setembro de 2017, descenderon un 0,83% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,87%. En España estas taxas foron do 0,16% con respecto a agosto de 2017 e do 4,15% en relación ao mes de setembro de 2016. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (69,6%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -0,92%, sendo Lugo a que amosa o peor comportamento, cunha taxa negativa do -1,55%. Para este réxime e con respecto ao mes pasado, estas taxas son tamén negativas en todas as provincias galegas, tendo así unha taxa do -0,16% para o conxunto de Galicia. A taxa nacional para este réxime presenta porén variación positiva con respecto a agosto de 2017 (0,10%) e positiva tamén con respecto a setembro de 2016 (0,77%).

No que respecta ao réxime especial do mar, as taxas con respecto a setembro de 2016 son positivas en A Coruña e Lugo, sendo A Coruña a que rexistra o maior crecemento (5,80%). Pola contra, Pontevedra amosa un dato negativo (-0,31%). As taxas intermensuais amosan tamén diferente comportamento para cada provincia, novamente A Coruña ten unha taxa de variación positiva (5,67%) e neste caso é Lugo a que ten o peor comportamento (-2,13%). A taxa galega amosa un incremento do 0,20% con respecto ao pasado mes de agosto e do 1,44% se a comparación se realiza con setembro de 2016.




Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2017	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	423.271	-0,64	2,07
LUGO	121.858	-1,12	0,99
OURENSE	102.629	-0,17	0,70
PONTEVEDRA	344.500	-0,68	2,64
GALICIA	992.258	-0,66	1,99
ESPAÑA	18.336.161	0,14	3,52
R. XERAL			
A CORUÑA	330.372	-0,89	2,83
LUGO	84.768	-1,50	2,10
OURENSE	77.455	-0,15	1,35
PONTEVEDRA	263.190	-0,74	3,62
GALICIA	755.785	-0,83	2,87
ESPAÑA	15.049.860	0,16	4,15
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	86.734	-0,12	-0,96
LUGO	35.484	-0,14	-1,55
OURENSE	25.174	-0,24	-1,25
PONTEVEDRA	67.387	-0,20	-0,41
GALICIA	214.779	-0,16	-0,92
ESPAÑA	3.216.272	0,10	0,77
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.165	5,67	5,80
LUGO	1.607	-2,13	0,82
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.924	-1,78	-0,31
GALICIA	21.696	0,20	1,44
ESPAÑA	67.504	-1,80	1,17

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.mtas.es>